

AS FLORES SEMPRE AGARDAN Á PRIMAVERA

Os días pasan sen sentido para nós, ca súa monotonía. Cos seus sorrisos, bágoas, palabras sen sentido, gritos en silencio, andares ata un novo lugar; e regresos a casa, cando añoramos. Xente nova, e mundos dentro da Terra que aínda non descubrimos. Logo están os malos momentos, para nós xigantes, e para o mundo, insignificantes. Pois os verdadeiros problemas, son os que non teñen solución, os que lle acontecen ao noso planeta, e que, por moito que fagamos, choremos, recemos ou traballemos, non se van arreglar. Xente cunha vida perdida, polas guerras, polas drogas, ou incluso por eles mesmos, que se rompen, se destrúen, fanse pedazos e nin se preocupan de se arranxar. Xente que nin sequera lembra o seu nome e olvida de onde ven. Xente que soña cun futuro que se esmera en estragar, e xente... Que nin sequera soña.

E xente, que non coida o máis grande que temos, o noso planeta, a Terra, e a nosa terra, Galicia. Xente que se olvidou de todo isto que temos ao noso redor e que non hai que comprar. As árbores e os ríos, as exuberantes flores, as follas secas de outono... E o ceo, que por aquí, moitas veces semella gris. Pero por moi escuro que o vexamos nunha noite de tormenta, pola mañá o Sol sempre volve alumearnos a todos, veñamos de onde veñamos. E pase o que pase, cada día érgueste á mesma hora, cedo, ou tarde, non o sei. Hai xente que nin sequera quere abrir os ollos a un novo día. E ese día pasa, e todos os demais tamén, e os problemas que hai no mundo seguen crescendo, e crescendo, mentres que para nós a única diferenza é a temperatura que fai, un diminuto grano que nos saeu na cara, ou mesmo se levamos ben atados os cordóns dos zapatos. E o mundo faise menos mundo, e faise máis... Nada.

Meu nome é Mariña, e puxéronmo en honor ao mar. Sí, esa especie de gran masa de auga, xeralmente pura, que vemos azul ao reflectir o ceo nela. Teño dezaséis anos e vivo nun pequeno pobo preto da ría de Vigo, en Pontevedra. Repleto de mariñeiros, sempre

indo e volvendo. Todos os días, moi cedo, pola mañá, eu víaos partir. Cando era pequena, soñaba cas súas aventuras, imaxinábamos en mares perigosos nos seus barquiños veleiros. Achegábame ao porto para ver descargar o pescado, e sempre, dende que teño uso de memoria, traían o mellor que vos poidades imaxinar. E eu sempre falaba co dono dun dos barcos. Chamábase Xosé, e foi como outro avó máis para min. Contábame o incontable, e sempre, sempre, cun sorriso na boca. Fora un recordo triste ou feliz. Para min, era coma un neno máis: tiña corazón de neno. Eu sabía. Pero o seu corazón fora roto tantas veces, que para el xa era algo corrente. Contárame que el, con sete anos, comezara a traballar e nunca puidera ir á escola. Era un pouco triste, pero sabía máis da vida do que eu podería saber nunca. Sabía cando alguén mentía, e cando dicía a verdade. E nunca xulgaba pola aparencia das persoas, porque sabía como chegar ao seu corazón. E sabía que non todo era negro ou branco, sempre dicía que moitas veces a vida é de cor gris.

Un día, incluso deixoume levar un peixe diminuto para que o coidase. Fíxome tanta ilusión que sorrín coma nunca sorrira antes, e dinlle unha enorme aperta. Ao chegar a casa, púxeno en auga e mirei para el toda a tarde. Non era un peixe moi bonito, e só estivo con nós un mes ata que morreu, pero era meu, e iso facíao especial, incluso bauticeino como “Peixe”, polo soso que era.

Outra cousa que lembro daqueles anos e que cada vez vía a máis e máis xente e sen embargo, menos peixes. E cun pouco máis de idade comencei a facerme preguntas, coma todos os nenos. Por exemplo, por que eu vivía ca miña nai e nunca vira ao meu pai? Eles nunca me falaran deste tema nin de moitos outros. E cada ano eu vía como os barcos traían cada vez menos pescado, e os mariñeiros xa non saudaban, xa non miraban a ninguén. Oía á xente murmurar cousas desagradables. Que crueis son as persoas cas súas palabras. E logo non toleran calquera que saia das boca dos demáis, pensei. Lentamente, cos meus nove anos de vida, e procurando non ser molesta,

achegueime a un dos pescadores e pregunteille por que Xosé non volvera ata alí e por que desaparecera a pesca. Faleille do peixe que me regalara, ao que non fixo moito caso. Pero o home aconselloume que me fose a estudar, e que non me preocupase por iso.

Naqueles anos, fíxenlle caso. Ao fin e ao cabo, eu só era unha nena pequena. Só sentía curiosidade por aquel home ancián, que sempre había estado xunto a min, narrándome as súas increíbles aventuras e os seus viaxes na xuventude. Pensaba que xa volvería mañán. E eu, sempre, mirando ao mar, as ondas, altas e imponentes. Así era a miña vida.

Chegaron os doce anos, e empezaba a sentirme algo mais maior. Cría que xa era casi unha adulta, aínda que non era así. Seguía sendo baixiña, coma sempre fora. Con pelo escuro e moitos tirabuzóns, coma sempre tivera. Pero por fóra e tamén por dentro ía crescendo. Descubrín novas emocións, coma o medo, o que realmente era o medo. E coñecín á tristeza, pero non á de sempre, a unha nova tristeza, capaz de mover mares e levar con ela montañas se fora necesario. Coma cando miña avoa se foi, ou cando meu pai chegou a casa a buscarme. Entón a descubrín de novo, máis feroz, máis espeluznante. Aquela era a verdadeira tristeza.

E, coma dixeran, eu estiven co meu pai tres anos, e puiden coñecer un pouco máis a aquel home ao que levaba tempo, ou máis ben, toda a miña vida, sen chamar “papá”. Vivín nun pequeno pobo de Ourense. Non estaba mal, pero facía moito frío, demasiado. E eu, añoraba o mar. Aquel que soía contemplar na miña infancia, da man da miña nai. Aínda que fixen amigos en Ourense, eu sentíame coma unha estraña. Aquela non era a miña casa, e non había mar.. Lembrábame del, da miña nai, e de Xosé. Que sería daquel bó home, tan sabio e á vez tan inocente?

Como dicía, aos quince anos, miña nai falou co meu pai, bastante enfadada. Dicía que quería verme xa. Non sei se só era a necesidade de verme ou se a miña nai tamén consideraba o meu regreso coma unha batalla gañada, pero fose coma fose, para o meu

ben ou para o meu mal, volvía a casa. Volvía tamén ao mar, ás postas de sol, ás gaivotas, ás pedras que formaban os acantilados e ás caracolas da praia. Aos peixes diminutos bailando pola costa, e a aqueles tan grandes e saborosos que traían recordos da miña niñez. Seguro que aquel mal ano de pesca que houbera pouco antes de marchar xa habería pasado. Subín ao coche. Á miña esquerda, conducindo, ía meu pai. Naquel momento, puíden ver claramente como unha bágoa corría pola súa meixela. E eu non puíden evitar que isto tamén me ocorrese a min. Pero non era aquel momento de pensar nin de chorar. Era momento de volver. Só de volver.

E chegamos. Despedínme de meu pai, e fun a xunto miña nai, que tamén choraba da emoción. Aquelas apertadas, aquel sorriso... Iso non podería describirse nunca. Así que non perderei o tempo facéndoo aquí. Paseamos xuntas ata casa, polo porto. Por fin volvería a aqueles maravillosos recordos. Vería a Xosé, aos mariñeiros, aos barcos traendo o pescado, ás sardiñas, as lubiñas, a todo aquilo que por moito que tratei de lembrar nunca fun quen de facelo. Pois só ese cheiro ao mar, ao mar de verdade, e ese destello das escamas dos peixes ca luz do sol, só iso, compensaría toda esta viaxe de ida, e volta, que me fixo perder a cabeza.

Que recordos traíame aquilo. Eu fixera de cada esquina daquel pobo miña. De cada rincón, tiña un recordo inolvidable. E é que sempre, sempre, gardei esta terra no meu corazón. O corazón palpitábame moi forte. E eu corría.

Pero aquilo, deixoume petrificada. Por que xa non estaban os pescadores? E Xosé? Onde estaba todo aquilo que un día formou parte da miña vida? Eu seguía correndo, sen dirixirme a ningunha parte. Só quería chegar a unha realidade onde o que estaba vendo non ocorrise. Parei, antes de caer ao mar, aquel manto de zafiros que sempre fora coma a miña segunda casa.

Pero, onde estaba a xente? Os barcos, o pescado. A vida do pobo resumíase niso. Agora, que sería del? O medo volvía aparecer no meu corpo, coma se fose un extraño que

chamaba a porta e, por moito que lla pechaba, forzaba para entrar. Nese momento, apareceu Ramón, un dos mariñeiros máis maiores, pero que recordaba sempre cheo de enerxía e vitalidade. Vestido nas súas botas de plástico e a súa camisa a cadros. Pero desta vez, a súa alegría desvanecérase, xunto a todo o que algún día, tiña este pobo. Aínda así, unha pizca de esperanza agardaba no meu interior e, axitada, preguntei:

- Ramón! Canto tempo! Botábase moito de menos! Onde están todos? E os barcos?

- Mariña, es ti? Estás feita toda unha muller! Sentáronche ben as neves de Ourense, non?

- Pero naquel momento a súa expresión tornouse gris, e agochou a cabeza- Sobre os barcos... Mariña, como dicir esto? Non van vir. Nin os demais.

- Pero por que? E que fas ti aquí, logo? - Eu estaba a punto de chorar.

- Seguro que recordas que nos últimos anos, moita xente comezou a chegar aquí. Turistas e máis turistas. E tamén chegaron novas empresas. Empresas con métodos “novadosos” e “brillantes”, que utilizaban produtos radioactivos e perigosos, que verteron por accidente ó mar. Por outro lado, os turistas tamén deterioraron moito isto. E...

-Parecía que aquel home, sempre forte e robusto, agora estaba destrozado por dentro.- E a xente foise. E os peixes tamén. E agora, só quedamos os que levamos aquí toda a vida. Triste, non?

- Pero, isto é unha desgracia...Ten que haber algo que poidamos facer para arreglalo. Eu... Onde está Xosé?

- Mariña, escoita, filla. Xosé non vai volver. Nunca. Pouco antes de que ti marcharas, enfermou e os problemas deste pobo só fixeron que empeorara.

- Que? Xosé? Pero, como? Non, non pode ser!

Antes de que Ramón puidese contestarme, saín correndo. Tiña que escapar. Buscar a Xosé. Cheguei correndo á súa casa, abandonada. Agora só os insectos pelexaban polas súas paredes corroídas pola humidade. E eu, destrozada, senteime no chan e chorei, chorei por Xosé e polo pobo. Buscando explicacións ao que non o tiña. Xosé, aquel home

que sempre fora coma meu avó, xa non estaba alí. Así que só xireime e mirei á praia, aquela praia miña, que seguía coma sempre. Parecía que pasase o que pasase, nunca cambiaría.

Naquel momento, chegou Ramón, que, sen unha palabra, díxoo todo. Achegueime con coidado a el, mentres as bágoas inundaban o mar formado no meu interior. E vin, entre as súas mans, algo que sempre nos había unido a Xosé e a mín.. Un pequeno peixe do mar. Sorrín, forte, moi forte. Botei unha gargallada entre bágoas e lembreime de Peixe, aquel pequeno animalíño que Xosé me regalara. Era igual ca el. Soso, simple. Feo. Era o meu peixe.

Ramón, sorrinte, e á vez triste, dixo:

- Pouco antes de morrer, Xosé pedíume que che buscara un peixe do mar. Que ti xa o entenderías. Que te quedases con el, que era teu. Sabía que volverías.

Eu, todavía sorrindo e á vez chorando, collín a peixeira nas mans e nese intre, oteei a praia. Que seguía coma sempre, pasara o que pasara. Descalceime cos pés, e baixei ata alí. Senteime e deixei a Peixe, ao meu querido peixe, á miña carón.

E eu, coma sempre, mirando ao mar. Azul, igual de azul. Brillante pero triste. Co sol poñéndose e as nubes decorando aquela escea digna de encadernar. E eu pensando se, aquelas ondas que antaño aterrábanme agora poderíanme levar ata un novo lugar, onde eu non soubese nada disto e ningún dos meus problemas fose real. Pero as ondas, como sempre, suben e baixan. Veñen e van, pero sempre volven á costa, onde os meus pés enterrábanse na area. Entón, mentres as miñas bágoas caen ao mar coma se de choiva se tratase, eu alzo a cabeza e sorrío. Sorrío porque sei que todo volverá a ser como antes, sei que as flores sempre agardan á primavera.